



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE CABALO DE PURA RAZA GALEGA (PURAGA) PARA A CONSERVACIÓN, DESENVOLVEMENTO E UTILIZACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS DA RAZA EQUINA CABALO DE PURA RAZA GALEGA E O FOMENTO E PROMOCION DOS SEUS PRODUTOS DERIVADOS, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 27 de maio de 2016, ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA) para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zootécnicos da raza equina Cabalo de Pura Raza Galega, e o fomento e promoción dos seus produtos derivados, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2014_2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Dentro dos recursos zootécnicos de Galicia, o cabalo Pura Raza Galega é a única raza equina autóctona, considerada ademais en perigo de extinción tal e como se recolle no Anexo I do Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras. Maioritariamente, os cabalos PRG se crían en réxime extensivo, xa que son animais que están perfectamente adaptados á nosa climatoloxía





e ás forraxes naturais. O cabalo PRG é capaz de permanecer no monte o ano completo, exposto ás inclemencias do tempo e alimentándose unicamente con forraxes polo que a súa explotación sostible e o mantemento da rendibilidade están garantidos, sobre todo no que se refire a súa produción cárnica, xa que aínda que conta con rendementos reducidos, apenas ten custos e se traduce en beneficios netos. Neste sentido, o establecemento e a consolidación de programas de cría axeitados permiten obter e criar exemplares cun baixo custo, e seleccionar aqueles que mellores condicións presenten, ben sexa para a produción de carne, ou ben para outras orientacións produtivas como a obtención de animais con calidades deportivas.

Por outro lado, non cómpre esquecer que os exemplares de Pura Raza Galega son especialmente aptos para a práctica da equitación deportiva de competición e ocio, así como, polo seu carácter nobre e tranquilo, para o seu emprego en terapias de rehabilitación a nivel neuromuscular, psicolóxico, cognitivo e social. Compre tamén destinar esforzos ao fomento desta orientación produtiva da raza. Un dos obxectivos fundamentais que se perseguen, é a posta en valor de todas as posibles orientacións produtivas da raza, desde a produción cárnica ao seu emprego nas disciplinas deportivas, de exhibición e de ocio.

A Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA) é unha asociación sen animo de lucro, creada en outubro de 2005, con ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. É a entidade oficialmente recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión do libro xenealóxico do Cabalo de Pura Raza Galega, e o desenvolvemento do seu Programa de mellora, aprobado por resolución da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria do 24 de xaneiro de 2013. A través de sucesivos convenios de colaboración asinados desde o ano 2010 ata a actualidade entre a Consellería do Medio Rural e PURAGA, leváronse a cabo distintas actuacións para o fomento do emprego dos recursos xenéticos da raza cabalo PRG encadradas na medida 214.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2007-2013. Estas actuacións volven a estar recollidas especificamente no novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014 – 2020.

O novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2016-2020 trata de fomentar os





recursos gandeiros autóctonos nos sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente, e establece como estratexia de actuación na submedida 10.2 “Conservación dos recursos xenéticos na agricultura”, obxectivos como a posta en valor de todas as posibles orientacións produtivas das razas e a obtención e promoción de produtos diferenciados que leven aparelado o incremento do valor dos animais baseándose no fomento do uso comercial dos recursos xenéticos como elemento clave para a súa conservación.

O desenvolvemento desta cooperación, só é posible coa participación de PURAGA como entidade oficialmente recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión do libro xenealóxico do Cabalo de Pura Raza Galega, sendo ademais a encargada do desenvolvemento do Programa de mellora e difusión desta raza, aprobado por resolución da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria do 24 de xaneiro de 2013.

Como tal convenio, este estaría suxeito aos principios recollidos na lei de contratos, entre eles ao de concorrência. Non obstante, non é posible promover a concorrência pública neste caso pola especificidade das características das actividades a desenvolver polas razóns que se expoñen:

- PURAGA e a entidade oficialmente recoñecida para a xestión do libro xenealóxico do cabalo PRG, e polo tanto (segundo o establecido no Real Decreto 2129/2008, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras), a entidade responsable do seu programa de conservación.
- PURAGA leva colaborando coa Consellería do Medio Rural dende o ano 2010 en distintos proxectos para o fomento da raza cabalo PRG, con resultados moi positivos na evolución da raza que avalan o éxito do proxecto e a necesidade de continualo, reflectidos no incremento de reprodutoras, sementais e número de ganderías dende o ano 2010 ata a data actual. Ademais, é a única asociación de criadores de cabalo de pura Raza Galega que centra os seus traballos no fomento da orientación produtiva cárnica das explotacións, e conta cunha ampla experiencia na selección e caracterización de animais para distintas actividades de hipoterapia e de ambladura.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo Convenio de colaboración entre a





Consellería do Medio Rural e PURAGA para establecer as condicións da colaboración entre ambas para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zoonéticos da raza equina Cabalo de Pura Raza Galega, e o fomento e promoción dos seus produtos derivados, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2014_2020.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente,

Belén María do Campo Piñeiro

